



Unha noite quedaron sen nada con que preparar a cea.
-Teremos que rebuscar para atopar unhas sobras- bufou o señor Porcón.

E xusto nese momento, entrou pola porta a señora Porcón.




-VOLVE, POR FAVOR,- choromicaron.
Desde aquela a señora Porcón quedou con eles.

Agora o señor Porcón lava a louza.
Miguel e Antón fan as camas. O señor Porcón pasa o ferro.
Todos xuntos fan de comer. E mesmo se divirten!



Mamá tamén está feliz.




E ás veces arranxa o coche.



Adaptación da obra de Anthony Browne. EDIC.:KALANDRAKA Ilustracións: Alumnado de 4º

8 DE MARZO DE 2014



DIA DA MULLER

BIBLIOTECA
CEIP DE Palmeira



O señor Porcón vivía cos seus fillos, Miguel e Antón, nunha bonita casa cun bonito xardín, e cun bonito coche nun bonito garaxe.

Dentro da casa estaba a súa muller.

-Bule co almorzo, muller.- Berraba todas as



mañás antes de marchar para o seu importantísimo traballo.

-Bule co almorzo, mamá.- Berraban Miguel e Antón antes de marcharen para a súa importantísima escola.



Cando se ían, a señora Porcón fregaba a louza... facía as camas... Pasaba a aspiradora... e despois ía ao traballo.



-Bule coa cea, mamá.- Repetían os rapaces todas as tardes ao chegaren á casa á volta da súa importantísima escola.

-Bule coa cea, muller.- Repetía o señor Porcón todas as tardes cando chegaba á casa do seu importantísimo traballo.



En canto remataban de cear, a señora Porcón fregaba os pratos... botaba a roupa a lavar... pasaba o ferro... e poñíase a cociñar outra vez.



Unha tarde, ao chegaren da escola, os rapaces non atoparon a ninguén na casa.

Non a atoparon por ningures.

Sobre a cheminea había un sobre.

O señor Porcón abriuno.

Dentro, había unha nota.

-E agora que imos facer?-

Tiveron que preparar a súa comida. Levoulles horas.

E aínda por riba, daba noxo. Á mañá seguinte tiveron que preparar o seu almorzo. Levoulles horas. E tamén daba noxo.

Ao día seguinte e á noite seguinte e durante varios días, a señora Porcón seguiu sen aparecer.

O señor Porcón, Miguel e Antón tiveron que coidar de si mesmos.



Nunca fregaron os pratos. Nunca botaron a roupa a lavar.

A casa parecía un cortello.

-Cando vai volver mamá?- Choromicaron os rapaces despois doutra daquelas noxentas comidas.

-Como o vou saber?- Gruñiu o señor Porcón.

Cada día volvíanse máis fungóns.



-Onde está mamá?- Preguntou o señor Porcón ao chegar do traballo.

